

A Propiedade intelectual e o Dereito de Autor/a

ORGANIZAN



A AELG quere este 2007 seguir ofrecendo un servizo asistencial aos nosos asociados/as que consideramos básico e fundamental: o coñecemento da Lei de Propiedade Intelectual e, moi especialmente, o dereito recoñecido ao cobro en concepto de dereitos de autor/a que todos os creadores/as de obra orixinal, en formato literario, artístico ou científico, deben percibir polo seu traballo de creación.

Durante estas xornadas de reflexión e traballo, nas que contaremos con destacados/as representantes de

CEDRO e de xuristas especializados/as, intentaremos achegar o tema que nos ocupa aos/ás profesionais do Dereito, así como aos/ás estudantes desta disciplina, para poder contar no futuro con bos asesores/as na materia na nosa comunidade. Así mesmo pretendemos esclarecer aquelas dúbidas que habitualmente xorden a este respecto nos nosos socios e socias, e conseguir para estes/as o obxectivo último que nos move no noso proxecto global: o recoñecemento e a dignificación do noso traballo como creadores e creadoras, así como servir de guía para a progresiva profesionalización do sector.

marzo PROGRAMA 2007

XOVES 22

Paraninfo da Universidade da Coruña [A Maestranza]

- 9.00h • INAUGURACIÓN**
- 10.00-11.00h • "O DEREITO DE AUTOR/A: A VISIÓN DO ESCRITOR"**
Francisco Xabier P. Docampo, escritor
- 11.00-12.00h • "LÍMITES AO DEREITO DE AUTOR: PRINCIPAIS NOVIDADES DA MODIFICACIÓN DA LEI DE PROPIEDAD INTELLECTUAL"**
Prof. Dr. Anxo Tato Plaza, Catedrático de Dereito Mercantil da Universidade de Vigo
- 12.00-12.30h • PAUSA CAFÉ**
- 12.30-13.30h • "O DEREITO DE AUTOR NA ERA DE INTERNET: A RESPONSA AOS RETOS FORMULADOS POLAS NOVAS TECNOLOXÍAS"**
Prof. Dr. José Massaguer Fuentes, Catedrático de Dereito Mercantil da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona
- 13.30-14.00h • COMUNICACIÓNS**
- 17.00-18.00h • "PERSPECTIVAS XURÍDICAS DAS BIBLIOTECAS DIXITAIS"**
Javier Díaz de Olarte, Xefe do Gabinete Xurídico de CEDRO
- 18.00-19.00h • "O/A AUTOR/A E A NOVA SOCIEDADE DA COMUNICACIÓN"**
Bieito Iglesias, escritor
- 19.00-19.30h • PAUSA CAFÉ**
- 19.30-20.30h • COMUNICACIÓNS**

Os interesados en presentaren comunicacións (dun máximo de 10 minutos de duración) poderán mandalas por correo electrónico a rgarciap@udc.es até o 15 de marzo de 2007. A súa aceptación ou rexeitamento motivado será comunicado ao/á autor/a. A asistencia é libre e gratuita. Está solicitado un crédito de libre configuración. Para formalizar a matrícula, dirixirse á Asociación de Escritores en Lingua Galega a través dos seguintes medios: Enderezo electrónico: oficina@aelg.org • Telf/fax: 981 133 233

VENRES 23

Facultade de Dereito da UDC [Campus de Elviña]

- SALÓN DE ACTOS**
- 9.00-10.00h • "A TRANSPOSICIÓN DA DIRECTIVA 2001/29/CE. UNHA VISIÓN COMPARADA"**
Prof. Dr. José Manuel Serrano Cañas, Colexio Español de Boloña (Italia)
- 10.00-11.00h • "A ORIXINALIDADE DAS OBRAS PLÁSTICAS E AS NOVAS TECNOLOXÍAS"**
Prof. Dr. José Manuel Otero Lastres, Catedrático de Dereito Mercantil da Universidade de Alcalá de Henares
- 11.00-11.30h • PAUSA CAFÉ**
- 11.30-12.30h • Mesa redonda: "CREACIÓN E DEREITO DE AUTOR"**
Moderador: **Prof. Dr. José Antonio Gómez Segade**, Catedrático de Dereito Mercantil da USC
Prof. Dr. Manuel Areán Lalín, Catedrático de Dereito Mercantil da UDC e Secretario Xeral da Corporación Voz de Galicia
Camilo Franco, escritor
- 12.30-13.30h • "ASPECTOS XURÍDICOS DAS DESCARGAS DE MÚSICA EN INTERNET"**
Profa. Dra. Henar Álvarez Álvarez, Profesora Axudante de Dereito Mercantil da Universidade de Valladolid
- 13.30-14.00h • COMUNICACIÓNS**
- SALÓN DE GRAOS**
- 16.30-19.30h • Mesa redonda: "OS NOVOS SOPORTES DA CREACIÓN E O DEREITO DE AUTOR"**
Con proxección do filme *Cineastas contra magnates*, Premio Goya 2006 ao mellor documental (Dirección: Carlos Benpar, Producciones Kilimanjaro S.L.)
Moderadora: **Profa. Dra. María Esther Rovira Sueiro**, Profa. Dra. Titular de Dereito Civil da UDC
Suso de Toro, escritor
- 20.00h • CLAUSURA**

XORNADAS



marzo | 07

- 22** Paraninfo da Universidade da Coruña [A Maestranza]
- 23** Facultade de Dereito [Campus de Elviña] UDC

COORDINADORES/AS: Prof. Dr. Marcos López Suárez, profesor Contratado Doutor de Dereito Civil • Prof. Dr. Rafael García Pérez, profesor Axudante de Dereito Mercantil • Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da Aelg
SECRETARÍA TÉCNICA: Ana María Carril Vázquez